



FACULTADE DE FILOLOXÍA

Grao en Filoloxía Clásica

Transitividade en *laboro* e
elaboro dende unha perspectiva
diacrónica

Alumna: Sara Fernández Santana

Titora: Concepción Cabrillana Leal

2018/2019



FACULTADE DE FILOLOXÍA

Grao en Filoloxía Clásica

Transitividade en *laboro* e
elaboro dende unha perspectiva
diacrónica

Alumna: Sara Fernández Santana

Titora: Concepción Cabrillana Leal

2018/2019

Índice

1. Introducción. Estado da cuestión	1
2. Metodoloxía	4
3. Os datos dos léxicos	5
3.1. <i>Oxford Latin Dictionary</i> e <i>Gaffiot</i> : unha presentación preliminar	5
3.2. Estrutura do <i>Thesaurus Linguae Latinae</i>	8
4. Análise	11
4.1. Axentividade	11
4.1.1. Axentivos	11
4.1.1.1. Intransitivos	12
4.1.1.2. Transitivos	13
4.1.2. Non axentivos	14
4.2. Télicos	17
4.3. Voz pasiva	20
4.3.1. Construcións avalentes	21
4.3.2. Construcións monovalentes	23
4.4. Exemplos particulares	25
5. Resultados	28
6. Perspectiva diacrónica	30
7. Conclusións	32
Bibliografía	34
Bibliografía: textos latinos	35
Bibliografía: traducións	38
Anexo	43
1. Axentividade	43
1.1. Axentivos	43
1.1.1. Intransitivos	43
1.1.2. Transitivos	54

1.2.	Non axentivos	56
1.2.1.	Suxeito paciente, /+hum/	56
1.2.2.	Suxeito paciente /-hum/ e /+aim/	59
1.2.3.	Suxeito paciente /-hum/ e /-anim/	60
1.2.4.	Suxeito experimentador	63
2.	Télicos	68
2.1.	Intransitivos	68
2.2.	Transitivos	70
3.	Pasiva	70
3.1.	Pasiva impersonal de aivalente a monovalente en activa	70
3.1.1.	Sen axente	70
3.1.2.	Con axente	73
3.2.	De monovalente a bivalente	74
4.	Exemplos particulares	75



FACULTADE DE FILOLOXÍA



CUBRIR ESTE FORMULARIO ELECTRONICAMENTE

Formulario de delimitación de título e resumo

Traballo de Fin de Grao curso 2017/2018

APELIDOS E NOME:	Fernández Santana, Sara
GRAO EN:	Filoloxía Clásica
(NO CASO DE MODERNAS) ITINERARIO EN:	
TITOR/A:	Cabrillana Leal, Concepción
LIÑA TEMÁTICA ASIGNADA:	Sintaxe Latina

SOLICITO a aprobación do seguinte título e resumo:

Título: Transitividade en <i>laboro</i> e <i>elaboro</i> dende unha perspectiva diacrónica
Resumo [na lingua en que se vai redactar o TFG; entre 1000 e 2000 caracteres]: Neste traballo tratarase o grao de transitividade do verbo <i>laboro</i> e o seu composto <i>elaboro</i> , empregando como marco de referencia os exemplos recollidos no dicionario <i>Thesaurus Linguae Latinae</i> . Estes datos ofrecen unha perspectiva diacrónica ampla, polo tanto, centrarase nos que se encadren entre o latín arcaico e o latín de época imperial, así, establecerase como punto de partida temporal as obras de Plauto e Catón, rematando cos exemplos de Valerio Flaco. Insistindo na idea de transitividade como cualidade gradual, analizarase o cumprimento dos diferentes parámetros nos distintos exemplos para tratar de establecer o seu grao. Ademais, búscase comprobar a posibilidade de que a forma composta <i>elaboro</i> teña un maior grao de transitividade que a súa forma simple <i>laboro</i> , así como determinar se existe unha variación no seu comportamento a través de diferentes estadios do latín. Deste xeito búscase aplicar os coñecementos adquiridos sobre sintaxe latina para afondar na cuestión da transitividade a través dun traballo de índole práctica.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2017.

SRA. DECANA DA FACULTADE DE FILOLOXÍA (Presidenta da Comisión de Títulos de Grao)

Sinatura do/a interesado/a 	Visto e prace (sinatura do/a titor/a) 	Aprobado pola Comisión de Títulos de Grao con data 29 NOV. 2017 Selo da Facultade de Filoloxía 
---	--	--

1. Introducción. Estado da cuestión

A transitividade enténdese de forma tradicional como o traspaso dunha acción dun axente a un paciente nunha cláusula. Os estudos relacionados con dita propiedade sintáctica están baseados nesta definición, mais Hopper e Thompson (1980) explican que debe dividirse en diferentes compoñentes que se centran en distintas facetas deste traspaso; a transitividade xa non é entendida como unha propiedade en bloque, senón como un conxunto de diferentes elementos que se poden identificar en diferentes partes da cláusula.

Se ben é certo que Hopper e Thompson (1980) proporcionaron unha definición acertada de transitividade, seu estudo basease na comparación de estruturas de diferentes linguas co fin de xustificar que a transitividade é unha propiedade lingüística universal. Propoñen illar e caracterizar os diferentes elementos que compoñen a transitividade, despois estudar as formas nas que é codificada esta propiedade e determinar así que está presente nun número suficiente de linguas como para falar de universal lingüístico. Estes estudosos identificaron os seguintes parámetros da transitividade; cada un deles suxire unha escala en base á que as cláusulas poden ser clasificadas (1980: 251-252)¹:

	High	Low
A. Participants	2 or more participants, A and O	1 participant
B. Kinesis	action	non-action
C. Aspect	telic	atelic
D. Punctuality	punctual	non-punctual
E. Volitionality	volitional	non-volitional
F. Affirmation	affirmative	negative
G. Mode	realis	irrealis
H. Agency	A high in potency	A low in potency
I. Affectedness of O	O totally affected	O non affected
J. Individuation of O	O highly individuated	O non-individuated

O seu estudo dálle á transitividade un carácter gradual, unha cláusula puntuará como máis transitiva segundo a cantidade de compoñentes presentes cualificados como *altamente* transitivos². Tomando os seus exemplos, *Jerry knocked Sam down* é máis transitiva que *Jerry likes beer* porque manifesta cinco compoñentes na súa variante de “alta transitividade”; mentres, *Jerry likes beer* os presenta na súa característica de “baixa”, a saber:

kinesis: action.
aspect: atelic.

¹ “A” corresponde a axente e “O” a obxecto.

² Hopper e Thompson sinalan que iso provoca que “a sentence with two participants may rate lower than one with a single participant”. Exemplifican esta tese con dúas frases en inglés *Susan left* resulta unha construción máis transitiva que *Jerry likes beer* (1980: 254).

punctuality: punctual.
affectedness of O: total.
individuation: high.

Por último, *There is no stars in the sky* é menos transitivo posto que a única compoñente que mostra na columna de “alta transitividade” é modo real (1980: 253). Defenden así a transitividade como un *continuum* no que cantas máis compoñentes dos relacionados arriba posúa máis se aproxima a cláusula á transitividade cardinal.

Pola súa parte, Vázquez Rozas prefere falar de transitividade en termos de prototipicidade³, pois “it is necessary to take a new perspective on the matter in order to grasp the concept of the human experience that underlies the transitive coding. Drawing on human experience, causation seems to be at the heart of the matter” (2007: 4).

Esta autora basease na definición de Hopper e Thompson e nos seus parámetros mais considera necesaria a perspectiva cognitiva da prototipicidade⁴. No seu traballo “A usage-based approach to prototypical transitivity” sostén que as cláusulas transitivas prototípicas teñen un grao baixo de transitividade; mentres, Hopper e Thompson (1980) só falan de transitividade cardinal e dun uso maioritariamente intransitivo no discurso oral. A idea de Vázquez Rozas complementa a teoría gradual, xa que a transitividade alta correspóndese coa transitividade marcada mentres que a prototípica é a non marcada. Este traballo cinguirá a análise aos parámetros de Hopper e Thompson mais será pertinente nalgúns casos complementar a análise co concepto de prototipicidade.

Con respecto á lingua que neste traballo vai ser obxecto de análise, convén precisar que o latín é unha lingua de corpus⁵, e polo tanto, non é posible basear os estudos na competencia do falante ou, no caso de Vázquez Rozas (2007), na adquisición da linguaxe. Pola contra, si é posible dar cabida a outros conceptos da xa citada gramática cognitiva como prototipicidade e iconicidade⁶

³ Concepto da gramática cognitiva que reflicte o modo no que os seres humanos clasifican as entidades da realidade en categorías nas que hai uns elementos máis típicos e outros non tan típicos, mais próximos a estes dalgunha forma (Torrego e Villa 2009: 52). Por exemplo, o verbo *interficio*, construído tipicamente cun suxeito axente pode admitir un suxeito coa función semántica causa/forza. En *Romani Gallos interfecerunt* o suxeito é animado –humano– e ten a vontade ou a intención de matar; mentres que en *Frigus nixque elephantis Hannibalis interfecerunt* o *frío* e a *neve* son inanimados e, polo tanto, non teñen nin control nin intención. O trazo común é que este último pode causar os mesmos efectos, é prototípica a primeira por ter un suxeito axente animado (2009: 52).

⁴ A gramática cognitiva é unha corrente que estuda “el modo en que los seres humanos apprehenden la realidad en forma de imágenes mentales y la transforman en estructuras lingüísticas”. Ademais “ofrecen unha base físico-psicológica para la comprensión del desarrollo del lenguaje como medio de representación mental y como medio de comunicación” e, a pesar de que están relacionados coa corrente funcional, non se ocupan da lingua como tal ou das súas compoñentes (Torrego e Villa 2009: 51).

⁵ “Se trata de una lengua sin hablantes nativos, cuyo corpus está formado únicamente por textos escritos, la mayoría de los cuales son textos literarios” (Torrego e Villa: 29).

⁶ “La iconicidad permite explicar determinados fenómenos lingüísticos como reflejo (icono) no arbitrario de la realidad. Así, por ejemplo, el hecho de que las oraciones subordinadas condicionales o concesivas suelen preceder a su principal, mientras que las finales suelen seguir a la principal está reflejando la secuencia real en que se suceden los acontecimientos” (Torrego e Villa: 51-52).

mentres nos movemos no marco xeral da gramática funcional.

Dentro da propia lingua latina podemos observar a transitividade como gradual, sen necesidade de comparación interlingüística; por exemplo “algunos verbos experimentan un cambio en su construcción, ya sea alterando el número de sus argumentos⁷, ya sea modificando la expresión morfológica de los mismos” (Álvarez Huerta 2009: 133). Este último cambio está estreitamente relacionado coa tendencia do latín á transitividade; así, por exemplo, é frecuente que un verbo intransitivo ao engadir un preverbio amplíe o seu significado e pase a formar unha construción transitiva. Esta tendencia pode observarse tamén en verbos que se constrúen con outro caso en cualidade de segundo argumento e, co tempo, pasan a construírse con acusativo.

Pinkster (2015: 1181) sinala que no 81% dos casos o segundo argumento é un acusativo, mentres que no resto de situacións pode ser un sintagma preposicional (9%), un ablativo (4%) ou un xenitivo. De forma máis concreta, Pinkster sinala que o acusativo aparece no 88'3% dos casos como segundo argumento de verbos de dúas posicións⁸ e no 100% con verbos de tres posicións⁹ (1995: 53).

Este fenómeno sistematízase distinguindo entre complementos acusativos e non-acusativos¹⁰. A diferenza principal é que só os primeiros admiten a conversión a pasiva¹¹, na que pasan a ter función de suxeito. Así, pódese falar de verbos intransitivos ou non-acusativos: unha clase aínda non moi estudada pola súa heteroxeneidade. Tanto Pinkster (2015: 1190) como Torrego e Villa afirman que non hai unha explicación para o uso destes casos como segundo argumento. Por unha parte, Pinkster explica que non se poden atopar características semánticas específicas; mentres que Torrego e Villa (2009: 66-67) explican que cada caso está ligado a unhas funcións cando son marca de constituíntes –por exemplo, dativo beneficiario ou ablativo instrumento– e, polo tanto, ten que haber unha motivación nestes casos a pesar de que actualmente non hai un acordo entre os estudosos.

⁷ Terminoloxía da gramática funcional, refírese ao constituínte da oración de carácter obrigatorio “relacionado con un predicado específico que no pueden ser omitidos sin que el resto de la oración se haga agramatical”. Mais convén matizar que “un constituyente es omisible si (a) el resto de la oración es gramatical, (b) el significado léxico de los elementos que quedan no cambia y (c) las relaciones semánticas entre los elementos restantes permanecen igual” (Pinkster 1995: 14).

⁸ O significado do verbo determina o número de constituíntes obrigatorios ou argumentos, este número concreto coñécese como *valencia*. Así, os verbos poden ser avalantes, monovalentes, bivalentes, trivalentes ou cuadrivalentes.

⁹ En base aos textos tratados na súa análise, Pinkster matiza que “existen ciertas excepciones: entre otras, el verbo *interdicere*” (1995: 54).

¹⁰ A non-acusatividade é un fenómeno que se presenta noutras linguas e, polo tanto, é tema de interese para diferentes estudosos. A hipótese da non-acusatividade foi formulada por Perlmutter (1978) e continuada por outros autores como Burzio ou Chomsky. Levin e Rappaport explican que “[it] is a syntactic hypothesis that claims that there are two classes of intransitive verbs, the *unaccusative* verbs and the *unergative* verbs, each associated with a diferent underlying syntactic configuration” (1999: 2).

¹¹ No caso de que unha oración cun segundo argumento non-acusativo poida converterse a pasiva non cambiará nin o seu caso nin a súa función.

Podemos afirmar, polo tanto, que no latín clásico o acusativo é o caso non marcado para a codificación do segundo argumento verbal. O acusativo desempeña con verbos máis prototipicamente transitivos a función de obxecto directo e función semántica paciente; mais noutros casos pode desempeñar outras funcións semánticas como distancia, referencia, duración ou dirección. Isto débese precisamente á gradualidade da transitividade, de modo que verbos menos transitivos poden construírse con acusativo e non responder ante a función de paciente e incluso verbos que consideramos semanticamente intransitivos teñen unha construción transitiva (Álvarez Huerta 2009: 138). Esta cuestión vese claramente nos casos nos que o acusativo cumpre unha función de duración temporal xa que se comportan como obxectos prototípicos ao aceptar a construción pasiva, como en *nobis... nox est perpetua una dormienda* (Álvarez Huerta 2009: 145).

2. Metodoloxía

Tendo en conta estas consideracións, neste traballo analizaranse dous verbos latinos, *laboro* e o seu preverbado *elaboro*, en canto ao grao de transitividade que presentan as súas construcións. Para dita análise estableceuse un corpus con base nas entradas do dicionario *Thesaurus Linguae Latinae* do que, debido a súa magnitude, seleccionáronse só as formas persoais. Ademais, este léxico abarca diferentes estadios do latín, polo que se propuxo como límite temporal inicial as obras de Plauto e de Catón e como final Valerio Flaco. Se ben este autor morre no 90 d. C. non podían excluírse algúns autores que o sobreviviran, como son Tácito, pola magnitude e calidade da súa obra, Quintiliano, precisamente por estudar a lingua, e Marcial, en calidade de poeta.

Os textos latinos recolléronse tanto do *ThLL* como da colección inglesa *The LOEB Classical Library* e, no caso de non aparecer nas anteriores, acudiuse ao recurso electrónico *Perseus under Philologic*. Por outra banda, para facilitar a comprensión das explicacións engádese unha tradución extraída preferiblemente da colección de Gredos e Cátedra e, nos casos que fora necesario, da colección *The LOEB Classical Library* –non obstante, as obras que pertencen a outra editorial serán sinaladas–. Ademais, optouse pola grafía *u* tanto para a semiconsoante como para a vogal co fin de unificar os textos. Cabe sinalar que se eliminaron exemplos do *ThLL* dos que non se atopou ben un texto latino ou ben unha tradución fiable.

O propósito do traballo é analizar o grao de transitividade dos exemplos seleccionados a través de tres compoñentes fundamentais: axentividade do suxeito, telicidade do proceso verbal e afectación do obxecto, e así poder determinar se existe a tendencia cara o uso de construcións máis transitivas a través do tempo e comprobar se o preverbio inflúe sobre o grao de transitividade.

O marco de estudo é a gramática funcional, se ben é interesante a perspectiva cognitiva; xa se sinalou que non é posible un estudo completo desas características sobre unha lingua de corpus como é latín. Ademais, para cuestións teóricas consúltanse obras capitais como a de Dik (1997), mais tomaranse como referentes do estudo da lingua latina autores como Pinkster (2015) ou os capítulos incluídos no manual *Sintaxis del latín clásico* (2009) coordinado por Baños.

Para acadar o obxectivo, estudáronse primeiro diferentes léxicos, aportando unha visión preliminar que se verá comprobada despois mediante a comparación co *ThLL* (§ 3). Este estudo será relevante para a posterior análise, na que se determina que existen unha relación entre certos significados e determinadas características sintácticas e semánticas. Esta análise resulta nunha primeira clasificación segundo as características dos exemplos: un grupo segundo haxa axentividade por parte do suxeito (§ 4.1), un segundo grupo de predicados télicos (§ 4.2), un terceiro no que se explican as construcións pasivas (§ 4.3), posto que presentan unhas consideracións especiais respecto á análise transitiva, e un último grupo onde se recollen os exemplos ambiguos ou especialmente problemáticos (§ 4.4).

Esta sistematización permite comprender a posterior exposición dos resultados (§ 5) onde se ofrece unha relación dos datos numéricos para comprobar se existe unha diferenza entre *laboro* e o seu preverbado *elaboro*. Por último, os datos divídense segundo tres períodos (§ 6) –República, período Augústeo e Imperio– para analizar o segundo obxectivo do traballo, comprobar se existe unha preferencia polas construcións transitivas no transcurso do tempo.

A continuación engádesse unha breve relación de abreviaturas empregadas para facilitar a lectura deste traballo:

A1	argumento un	anim	animado	hum	humano
A2	argumento dous	ctrl	control	inten	intención

3. Os datos dos léxicos

3.1. *Oxford Latin Dictionary* e *Gaffiot*: unha presentación preliminar

Unha vista previa ás entradas dos dicionarios *Gaffiot* e *Oxford Latin Dictionary* permite ver que a cantidade de exemplos transitivos para *laboro* é moi inferior aos intransitivos, cun total do

8'3% e 91'7% respectivamente. Hai dezasete exemplos repetidos, mais cada un dos dicionarios por separado aporta exemplos en proporcións similares.

Pola contra, para *elaboro*, se vemos un total dos exemplos hai unha correspondencia do 50% entre transitivos e intransitivos. Esta porcentaxe defire entre ambos dicionarios, o *Gaffiot* presenta un 63'6% de usos transitivos fronte a un 40'7% no *OLD* e un 36'3% de empregos intransitivos fronte a un 59'3%. Así, observar só un destes dicionarios podería inducir a pensar que existe unha predominancia dun ou outro uso, mais da vista global de ambos extraemos que a diferenza pode ser escasa ou incluso nula –hai unha equivalencia do 50%–.

A estrutura das entradas en canto usos intransitivos e transitivos de *laboro* é similar. En ambos son maioritarios os usos intransitivos aínda que presentan algunhas diferenzas destacables. Se ben é certo que o *OLD* é máis extenso, o *Gaffiot* explica o xiro da pasiva *laborare id/illud*¹² e engade o matiz “estar avergonzado”¹³. Parece que no *Gaffiot* o único apartado que se bota en falta é o quinto do dicionario inglés: “estar negativamente afectado por, sufrir (por un defecto ou desvantaxe)”.

O *Gaffiot* presenta un significado xeral “traballar, esforzarse” que se matiza segundo a construción (e.g. *ut* con subxuntivo); mentres, o *OLD* propón unha división entre un uso máis xeral, que en galego entenderíamos como traballo físico, e o matiz de esforzo, referido a un traballo físico extenuante.

A segunda acepción do *Gaffiot* “ter dor, preocuparse” aparece dividida no *OLD* entre a sexta e sétima, “estar angustiado” e “sufrir dor ou enfermidade”. Este, engloba sufrir todo tipo de dor ou enfermidade, mais o *Gaffiot* prefire unha acepción “estar incómodo” que pode matizarse segundo a causa: un axente externo (como frío e calor), *ex morbo aliquo* “por algunha enfermidade”, a orixe do malestar ou enfermidade (*ex reribus*) e, por último, un exemplo *sine feбри* “malestar sen febre”. Alén disto, inclúe *ex desiderio* “estar incómodo pola nostalxia” (Cic. *fam.* 16,11,1), que no *OLD* aparece reflectido na acepción catro “estar en problemas (máis que puramente físicas), estar angustiado”.

O exemplo *ad munitiones laboratur* (Caes. *Gall.* 7,85,4) aparece en ambos dicionarios: o *OLD* inclúeo na acepción “estar angustiado fisicamente, estar en tensión (...) b (as tropas na batalla)” mais non explica que se trata dunha construción pasiva como o *Gaffiot*; resulta interesante que, a pesar diso, este dicionario decida traducilo cunha paráfrase na que emprega unha construción copulativa como “la situation est critique près des retranchements” e non de forma máis literal “se

¹² *Minus id nobis laborandum est, qualis...* Cic. *Verr.* 2,76, “apenas tenemos que preocuparnos por lo que...”.

¹³ Exemplifícase con Caes. *Gall.* 7,10,1, que aparece tamén no *Oxford Latin Dictionary* baixo a acepción de “be distressed”, sinalando que leva un complemento con *ab*.

está en peligro en las trincheras”.

En canto aos usos transitivos de *laboro* recóllense como dous en ambos. A diferenza radica en que o *Gaffiot* admite unha interpretación “cultivar” mais o *OLD* só propón un matiz “to spend (time) in work” á acepción principal “to spend labour on”.

En ambos dicionarios aparecen tres exemplos asociados a un significado similar, mais o exemplo *frumenta ceterosque fructus (...) laborabant*¹⁴ (Tac. *Germ.* 45,3) aparece no *Gaffiot* coa acepción “traballar, cultivar” mentres que no *OLD* mantense como “esforzarse en, traballar en”. Dende a lingua de recepción parece unha distinción necesaria: podemos dicir traballar a terra¹⁵, mais traballar no/o trigo non é correcto.

A estrutura das entradas de *elaboro* é moi similar, aínda que defiren nalgúns matices segundo as construcións, sobre todo no *Gaffiot*, e tamén segundo a expresión de diversos elementos para o *OLD*.

Entre os usos intransitivos, o dicionario inglés céntrase no esgotamento físico que produce o esforzo, mais para o *Gaffiot* o matiz fundamental é traballar con afán ou coidado, centrarse en algo. O seu uso transitivo tradúcese tamén de forma similar: “elaborar, facer con coidado, perfeccionar”. Con todo, o dicionario francés outórgalle un matiz de “facer por traballo” e o *OLD* completa a entrada con exemplos de diversas construcións: con suxeito inanimado, con obxecto concreto, ou con suxeito abstracto.

Deste estudo preliminar xorden dúas ideas fundamentais. Por un lado, as diferenzas entre ambos dicionarios non se deben só a un estudo máis detallado senón que, tras ver os exemplos como os de Caes. *Gall.* 7,85,4 (*ad munitiones laboratur*) e Tac. *Germ.* 45 (*frumenta ceterosque fructus patientius quam pro solita Germanorum inertia laborant*), parece que se realiza unha interpretación dende a lingua meta, dáse un significado que encaixa a estrutura latina na lingua de recepción, algo que, aínda que necesario na súa xusta medida, non debe condicionar a correcta lectura da construción latina en cada caso. Así, para o estudo da transitividade procuraremos partir de e cinguirnos á estrutura sintáctica e á semántica latina, evitando elaborar xuízos a partir da tradución.

Por outra banda, os datos citados poñen de relevo a influencia da preverbación na transitivización dun verbo en latín. Álvarez Huerta (2009) apunta, de forma xeral, que “un verbo simple intransitivo se comporta como transitivo si se encuentra prefijado”. A propia autora matiza esta afirmación, posto que non é unha correspondencia co uso da preposición, senón que o

¹⁴ “Ellos cultivan (trabajan) trigo y otros frutos”.

¹⁵ Na RAG, un dos usos transitivos de traballar descríbese como “cultivar [a terra] para que produza froito”. Admítase a expresión “traballar no campo” porque se entende como unha actividade lucrativa, mais non “traballar o trigo”.

preverbio aporta un significado gramatical ou aspectual (2009: 136). García Hernández (1980: 159) sinala que o preverbio *ex-* en concreto, ao marcar o aspecto resultativo, é idóneo para efectuar a transformación dunha base intransitiva a un modificado transitivo.

3.2. Estrutura do *Thesaurus Linguae Latinae*

Unha vista preliminar ao exame das entradas do *Thesaurus Linguae Latinae* amosa que en *laboro* o 93'12% dos 799 exemplos son usos intransitivos e o 6'88% transitivos; mentres que en *elaboro* atopamos un maior número de usos transitivos, 46'32% de 231 casos fronte a un 53'68% intransitivos. Porén, non todos estes exemplos están recollidos no corpus deste traballo pois, por unha cuestión de extensión, trátanse só as formas persoais. Esta selección apenas afecta as cifras sobre *laboro*, cunha diferenza do 3%, mais en *elaboro* pasamos de ter case unha equivalencia do 50% a un 83'05% de usos intransitivos e un 16'95% de usos transitivos. Estes datos poden verse recollidos na seguinte táboa:

Táboa 1

	<i>Laboro</i>				<i>Elaboro</i>			
	<i>ThLL</i>		Corpus do traballo		<i>ThLL</i>		Corpus do traballo	
Total	799		220		231		59	
Intransitivos	744	93'12%	212	96'4%	124	53'68%	49	83'05%
Transitivos	55	6'88%	8	3'6%	107	46'32%	10	16'95%

En canto á estrutura das acepcións, parece máis similar á que atopamos no *OLD*, seguramente debido a cuestións de extensión, posto que o *Gaffiot* é o máis reducido. Así, hai algunhas diferenzas na disposición dos significados, en parte debido a que o *ThLL* se centra nas estruturas sintácticas que xorden con cada significado.

As dúas primeiras entradas do *OLD* parecen corresponder coa primeira acepción do *ThLL*: prevalece a designación de ocuparse case sempre igual a esforzarse, facer un traballo ou preocuparse. Esta aparece matizada como (1) referente á forza corporal, “facer un traballo” ou “traballar en” e (2) “esforzarse, aplicarse, preocuparse ou similares¹⁶”, se ben é certo que este último significado de “preocuparse” aparece completamente illado no dicionario inglés na súa sétima acepción.

¹⁶ Negado tende a significados que son negativos: “descoidar, non preocuparse de, facer pouco”.

A segunda entrada do *ThLL* engloba o resto dos usos intransitivos do *OLD*, cunha estrutura diferente. De forma xeral explica que “prevalece a noción de sufrir ou experimentar, o mesmo que estar angustiado, fatigado, en perigo, angustiado ou con dor física¹⁷, oprimido¹⁸ e similares”. A diferenza radica en que o *ThLL* fai unha unha primeira subdivisión do uso xeral, animados e inanimados, entre os que diferencia corpóreos (plantas, naves e varios exemplos) e incorpóreos; mentres que no *OLD* a distinción é entre naves, plantas e seres inanimados. Unha segunda subdivisión engloba: “estar enfermo”, “eclipse lunar”, “estar en perigo en contexto militar” e “*de patientia Christiana*” –non recollida esta última en ningún dos outros léxicos–. É dicir, engloba parte desta terceira acepción do dicionario inglés, mais inclúe tamén os significados ata a súa sexta entrada: “estar en problemas (outros máis que puramente físicos) ou estar angustiado, estar afectado negativamente ou sufrir (por) e sufrir por unha dor ou enfermidade”. Por último, hai que mencionar que a terceira acepción *per graecismum fere idem (est) quod molestum iter facere* non aparece nin no *OLD* nin no *Gaffiot*.

En canto aos usos transitivos, estes son similares nos tres dicionarios: “elaborar”, “perfeccionar” ou ben “moldear”. A diferenza co *ThLL* radica na división dos diversos complementos ou estruturas: con pronome neutro, con substantivo e o uso do participio.

Por outra parte, a acepción de *elaboro* non se centra tanto nos matices do significado como en sistematizar as diferentes estruturas. Este dicionario aporta o mesmo significado que o *OLD* e o *Gaffiot*, “facer un esforzo, esforzarse ata o esgotamento físico” nos seus usos intransitivos, ordenados segundo as seguintes estruturas: absoluta –é dicir, sen complementos–, con preposicións, con dativo, seguido de enunciado e seguido de infinitivo.

Os usos transitivos destacan por ter descrições máis minuciosas. En xeral significa “traballar ou realizar algo con esforzo ou dedicación”. De forma máis concreta, engade a noción de “dar forma, perfeccionar”, aínda que máis a miúdo significa “acción de traballar para un fin”; así como “preparar, producir, completar ou ben adquirir”.

Distínguese fundamentalmente entre cousas incorpóreas ou corpóreas. As primeiras divídense segundo un uso xeral, no que se engloban varias estruturas, e un uso especial, que se refire a elementos perfeccionados polo enxeño ou ben polo oficio do home como libros, oracións, poemas, etc. Por último, descríbense os usos do participio, significando de forma xeral “feito con traballo, dilixencia e agudeza”, ao que se lle engaden diversos matices.

Atendendo a razóns de extensión o *ThLL* pode sistematizar maior número de estruturas,

¹⁷ Tanto “estar angustiado” como “ter dor física” son os significados de *angi* en español que, efectivamente, segundo o contexto, son tamén significados de *laboro*.

¹⁸ Normalmente tropas na batalla.

mentres que os outros dous dicionarios límítanse ás máis comúns. Porén, no relacionado cos significados os tres aportan acepcións similares e nunha proporción equivalente. A diferenza máis notable son usos do participio de *elaboro*, cuxos usos só aparecen explicados neste dicionario e de forma detallada.

Despois de elaborar este esquema das entradas destes tres dicionarios pódense establecer unha serie de significados básicos que serán útiles para a análise. Comezando por *laboro*, existen catro significados intransitivos fundamentais: “traballar”, “esforzarse”, “sufrir” e “preocuparse”. Ademais, estes dous últimos poden expandirse dando outros significados amplos: “sufrir unha enfermidade ou estar enfermo”, “estar angustiado ou oprimido” ou “estar en problemas”; a función semántica do suxeito de “sufrir” pode ser paciente, se o que se sofre é dor, ou experimentador dun estado interno como “angustiado”. Con todo, entre os usos transitivos podemos establecer un único significado global “elaborar”.

É necesario mencionar aquí a acepción de eclipse lunar pois, se ben sabemos que *laboro* referido á lúa ten este significado, trátase dunha realización contextual, posto que en latín a lúa “sofre ou se debilita” porque a luz do sol non lle chega¹⁹.

Por outra banda, como xa se mencionou, os significados de *elaboro* son máis concretos polo que se pode establecer un único significado intransitivo “esforzarse ata o esgotamento físico” e un significado transitivo “realizar algo con esforzo”, é dicir, “perfeccionar”.

Por último, debe volver a mencionarse a pasaxe da *Xermania* (1) xunto coa de *Diálogo dos oradores* (2), posto que ambos se presentan con traducións “cultivar” a pesar de que pertencen ás acepcións transitivas de *laboro* e *elaboro* respectivamente. Parece unha cuestión da lingua meta, posto que o exemplo de *elaboro* é unha tradución en función do contexto do campo, mais a acepción que se dá no *ThLL* sería acertada: “lo que se siembra y es trabajado con esfuerzo largo tiempo”. Polo tanto, os datos que aportan este corpus non son suficientes para establecer a existencia dunha tradución contextual “cultivar”.

(1) frumenta ceterosque fructus patientius quam pro solita Germanorum inertia laborant
 (“cultivan el trigo y otros productos con una paciencia inhabitual en la desidia característica de los germanos”, Tac. *Germ.* 45,3)

(2) nam in ingenio quoque, sicut in agro, quamquam grata sint quae diu serantur atque elaborentur, gratiora tamen quae sua sponte nascuntur (“pues en el terreno del intelecto,

¹⁹ Idea extraída da entrada de *laboro* do dicionario *Lewis & Short*, na súa versión dixitalizada por *Perseus Digital Library* <<http://www.perseus.tufts.edu/hopper/text?doc=Perseus%3Atext%3A1999.04.0059%3Aentry%3Dlaboro>>

como en el campo, aunque es agradable lo que se siembra y se cultiva largo tiempo, con todo, es más placentero lo que nace espontáneamente”, Tac. *dial.* 6)

A clave da sistematización dos significados para a análise é a asociación de determinados significados a aparición de determinados trazos. Así, predicados cun significado “esforzarse” terán axentividade por parte do suxeito e, polo xeral, serán atélicos, posto que se trata dun verbo de actividade habitual. Porén, a continuación veremos que non sempre se cumpren estas expectativas aínda que en determinados casos ten que ver coa conceptualización do elemento como /+hum/.

4. Análise

Este estudo dos diferentes léxicos é relevante para a análise que se vai realizar a continuación, posto que os significados irán ligados, esencialmente, a dous tipos de verbos: actividades e estados. Estes determinarán certa configuración dos complementos do predicado, como a presenza dun suxeito axente ou paciente. Así, segundo a análise da axentividade do suxeito, de telicidade do predicado e da presenza e afectación dun obxecto directo, establécense diferentes grupos: axentivos e non axentivos, télicos –os máis uniformes–, as oracións pasivas e un grupo que recolle exemplos particulares.

4.1. Axentividade

4.1.1. Axentivos

A axentividade do suxeito é unha das compoñentes da transitividade, cuxa relevancia explícanla Hopper e Thompson dende o punto de vista tradicional de traspaso de acción: “participants high in Agency can effect a transfer of an action in a way that those low in Agency cannot” (1980: 252). Esta propiedade medírase segundo o control e a intención, se ben é a primeira a determinante: “una situación es controlada si la entidad que la instiga y realiza tiene la capacidad de decidir si la lleva a cabo o no” (Martínez Vázquez 1999: 57).

Segundo Dik (1997: 118-119) as funcións semánticas con control asociadas ao suxeito son axente e posicionador –esta última non pertinente nesta análise posto que controla un verbo de posición–. Porén, ao tratarse de verbos dinámicos, hai exemplos cunha posible función forza²⁰.

²⁰ “The non-controlling entity instigating a Process (= Dynamism or Change)” (Dik 1997: 118).

Veremos como a semántica do verbo inflúe nesta consideración; de feito, como De la Villa explica, “las funciones semánticas de muchos argumentos dependen exclusivamente del contenido léxico del predicado” (2003: 27).

En canto á compoñente de telicidade, os exemplos aquí agrupados son atélicos; os télicos están recollidos *infra* (§ 4.2). Cabe mencionar que dun total de 74 formas en construcións intransitivas, 38 caracterízanse por non posuír un aspecto gramatical marcado; entre estes, só os 11 tempos de imperfecto manteñen unha relación entre aspecto imperfectivo e aspecto léxico atélico. En canto ás construcións transitivas, *laboro* aparece case exclusivamente en presente mentres que *elaboro* presenta unha maior variedade –perfecto, imperfecto e futuro–. Ocorrendo o mesmo, só o tempo de imperfecto mantén a relación co aspecto léxico atélico.

4.1.1.1. *Intransitivos*

Tanto *laboro* como *elaboro* nas súas acepcións “traballar” e “esforzarse” son verbos de actividade e, como tal, demandan un suxeito axentivo, é dicir, que controle a acción e teña intención. Estas características asóciáanse a entidades humanas ou polo menos animadas, que cumprirían unha función semántica axente. A caracterización do suxeito prototípico é /+hum/ con /+ctrl/ e /+inten/ (1), mais pode aparecer un suxeito /-hum/ /+anim/ que exerza control, algo que aquí só se dá no caso dos animais (2). Con todo, hai oracións nas que esta acción verbal controlada e dinámica aparece cun suxeito que non se axusta a estas características como (3), onde podería verse un uso metonímico non prototípico.

(1) breuis esse laboro (“me esfuerzo en ser conciso”, Hor. *ars* 25)

(2) huic uni parca laborat apīs (“sólo para él trabaja la parca abeja”, Mart. 14,222,2)

(3) cui nunc haec cura laborat? (“¿para quién trabaja ahora este afán?”, Ov. *trist.* 4,1,93)

Dito isto, a pesar de que en todos hai axentividade por parte do suxeito, é pertinente realizar unha división segundo as características do suxeito²¹. Establécense así tres grupos, a distinción maioritaria é entre /+hum/ e /-hum/, para logo dividir estes últimos segundo a súa animicidade.

A diferenza principal radica en que os /+anim/ poden controlar a acción mais non teñen intención, mentres que os /-anim/ aparecen conceptualizados como animados mediante diferentes mecanismos. É chamativo que os suxeitos animados non humanos aparecen con *laboro* e entre os non animados, o suxeito sintáctico de *elaboro* é unha entidade /-anim/ que pertence a unha /+hum/.

²¹ Aquí presentamos a axentividade como unha categoría binaria, existe ou non; porén, é gradual mais non é pertinente a este nivel de análise profundizar neste aspecto.

Así, *civitas* (4) designa ás persoas da cidade, trátase dunha metonimia, morfoloxicamente non é humano mais conceptualmente si. O suxeito *omnis pars brachii* (5), referido a unha entidade non animada, aparece conceptualizada como humana coa “capacidade” de esforzarse. Con todo, o caso dos elementos da natureza como auga, mar ou vento (6), son un caso máis complexo posto que a súa función semántica sería forza, desencadean unha acción mais non a controlan; porén, con esta acepción esforzarse están conceptualizados como /+hum/ con /ctrl/ e /inten/.

(4) uenit huic subsidio ... Massiliensium cuncta ciuitas, quae non solum ob eam causam laborat, ut huic ... gratiam referre uideatur, sed etiam quod *eqs* (“acude en socorro ... la ciudad de los marseleses en bloque, la cual no sólo se bate por un motivo, para que se vea que devuelve a éste ... una gracia equiparable, sino también porque ...”, Cic. *Font.* 45)

(5) namque id maxime uitem infestat, ubi non omnis pars brachii pari uice laborat (“pues la vid se ve sobremanera perjudicada cuando el esfuerzo no está repartido por igual entre todas las partes del brazo”, Colum. 4,24,9)

(6) *uentus* quia non fusus nec per apertum uenit sed laborat et iter sibi ui ac pugna parat (“porque no viene desparramado por un espacio abierto, sino que combate y se abre camino por medio de una lucha violenta”, Sen. *nat.* 5,12,2)

Elaboro aparece só en dous exemplos con suxeito /-hum/, ambos conformados por un substantivo abstracto e un xenitivo que designa a entidade á que pertence o exercicio do que designa dito substantivo –vid. *cultus agricolarum* (7)–, e polo tanto, a acción verbal está efectuada por unha entidade /+hum/.

(7) aut quod est tam asperum saxetum, in quo agricolarum cultus non elaboret? (“¿... o qué pedregal hay tan escabroso donde el trabajo del labrador no se ejercite con ahínco?”, Cic. *leg. agr.* 2,67)

4.1.1.2. Transitivos

Este grupo, en relación cos compoñentes a analizar, posúe, ademais de axentividade por parte do suxeito, un obxecto directo A2 (argumento dous). En todos os casos está parcialmente afectado; isto débese á correlación entre atelicidade e afectación do obxecto²². Dita afectación será total ou

²² Vid. *infra* apartado Télicos (§ 4.2).

parcial segundo dous parámetros esenciais, que o obxecto sexa animado e definido²³. E, por conseguinte, debe terse en conta outra compoñente da transitividade: a individuación do obxecto posto que “an action can be more effectively transferred to a patient which is individuated than to one which is not” (Hopper & Thompson 1980: 253). Así, todos os obxectos son inanimados e pouco individualizados, é dicir, indefinidos.

Aparecen dous tipos de suxeito, un axente prototípico /+hum/ que controla a acción e posúe intención (8) e un suxeito /-hum/ (9) e /-anim/ (10). Nos casos nos que o suxeito é /-hum/ conceptualízase como /+hum/ mediante os mesmos mecanismos que no grupo intransitivo. *Elaboro* (9) mediante a personificación do suxeito e *laboro* a través dunha metonimia en dous casos, *manus* (10) analizada como /-hum/ pero conceptualizada como /+hum/, porque a entidade animada que controla é a persoa²⁴.

- (8) cadit ... / semidea genetrice Tages, cui plurima siluis / peruigilat materna soror cultusque laborat (“cae ... Tages de madre semidiosa, para quien velan en las selvas muchas hermanas de su madre y confeccionan su indumentaria”, Val. Fl. 6,224)
- (9) accedant statuae et picturae et quicquid ars ulla luxuriae elaboravit (“añádanse estatuas y pinturas y cuanto las diversas artes produjeron al servicio del lujo”, Sen. *epist.* 16,8)
- (10) senem ... / nardo perunctum, quale non perfectius / meae laborarint manus (“a ese viejo mujeriego, empapado en un perfume de nardo tal que uno mejor no lo han podido elaborar mis manos”, Hor. *epod.* 5,60)

Os datos parecen sinalar unha influencia da semántica verbal sobre os seus complementos; “traballar” e “esforzarse” aparecerán con suxeitos que, polo menos, controlen a acción, e por conseguinte, deben ser /+hum/ ou estar conceptualizados como tal.

4.1.2. **Non axentivos**

Os suxeitos deste grupo non controlan a acción nin teñen intención, son pacientes ou experimentadores e, polo tanto, non hai axentividade pola súa parte. Un dos aspectos máis relevantes para este traballo é que todos estes suxeitos aparecen con *laboro*, o que terá un impacto no reconto das compoñentes transitivas.

²³ A diferenza entre *I bumped into Charles* e *I bumped into the table* radica en que é máis probable a afectación total do obxecto animado que de *table*, á que é menos probable que lle pasara algo; máis ben esta última oración serve para resaltar o efecto no axente (cf. Hopper & Thompson 1980: 253).

²⁴ Cabe a posibilidade de analizar as partes do corpo como /+hum/ mais considero que é preferible a opción que se recolle neste traballo.

Dado que este traballo está enmarcado na corrente da gramática funcional, é pertinente aclarar a cuestión terminolóxica que rodea ás funcións semánticas de paciente e experimentador. Por unha parte, existe unha diferenza entre procesado e paciente, ambos afectados sen control, mais o primeiro só pode ocupar a posición de A1 e paciente só A2. Porén, Pinkster recoñece unha función paciente como “la entidad sobre la cual tiene efecto una determinada acción o a la que le sucede algo” (1995: 20). Así, usarase o termo “paciente” para designar a entidade tanto /+hum/ como /-hum/ que se ve afectada por un predicado.

Por outra banda, se ben Dik non recoñece experimentador como unha función semántica igual a axente ou instrumento²⁵, si a introduce como secundaria a unha función semántica principal e explica que se entende por un predicado [+exp]: “An Experience is an SoA²⁶ in which some animate being perceives, feels, wants, conceives, or otherwise experiences something” (1997: 115). Para Pinkster o termo experimentador está englobado dentro da función paciente e explica que “is used for entities that undergo a physiological or psychological SoA” (2015 : 27).

Por conseguinte, a distinción máis importante é entre humano e non humano, xa que experimentador só pode ser unha entidade humana mentres que paciente pode ser tanto humana como non humana. A función experimentador aparece asociada ás acepcións “sufrir” (internamente), “preocuparse” e “fatigarse”, predominando o significado “preocuparse”. Por outro lado, as características do suxeito paciente van dende /+hum/, pasando por só /+anim/ ata /-anim/ –sendo a maioría deste último grupo– relacionados coa acepción “sufrir dor” ou “padecer”. Cabe sinalar a diferenza entre experimentador e paciente /+hum/ é que este sofre por unha causa externa, non por un estado interno. Na seguinte táboa pode observarse a preponderancia da acepción preocuparse entre os suxeitos con función experimentador e como entre os suxeitos pacientes non predominan claramente nin entidades /+hum/ nin /-hum/:

Táboa 2. Funcións semánticas do suxeito non axentivo en *laboro*.

Experimentador			Paciente		
sufrir	preocuparse	fatigarse	/+hum/	/+anim/	/-anim/
12	28	7	22	7	31
47			66		

²⁵ A causa que aduce o autor –quizais en parte discutible– é que “the opposition [±exp] does not necessarily have a deep impact on the grammatical organization of natural languages. This observation is reinforced by the fact that we do not find special coding devices for Experiencer arguments” (1997: 116)

²⁶ “State of affairs”.

Como se ilustra nas seguintes oracións, *populus* (11) é paciente, afectado pola predicación verbal, mentres que o suxeito de segunda persoa singular, referido a *Menelae* (12), sería experimentador dun estado interno.

- (11) *neglegens, ne qua populus laboret* (“sin cuidarte de si algún mal aqueja al pueblo”, Hor. *carm.* 3,8,25)
- (12) *tu, qui pro rapta nimium, Menelae, laboras* (“tú, Menelao, que tanto sufres por el secuestro de tu mujer”, Ov. *epist.* 13,47)

As características do paciente permiten que non haxa restrición no tipo de suxeitos que poden aparecer, algo que non ocorre no caso do axente que pide unha entidade /+hum/ con /+ctrl/. O trazo central, polo tanto, é que non controle a acción, senón que estea /+afectado/. Así, tanto *Zenon* (13) como *pecora* (14) poden sufrir dor ou enfermidade: enferman entidades /+anim/. Mentres, as plantas sufren danos físicos, que lles poden causar algún mal (15). Por último, como especificamos nas significacións, poden sufrir cousas tanto corpóreas, como incorpóreas, é dicir, abstractas (16).

- (13) *Zenone nam cum ex renibus laboraret, ipso in eiulatu clamitabat falsa esse illa quae antea de dolore ipse sensisset* (“en una ocasión en que sufría dolor de riñones, gritaba entre sus lamentos que eran falsas las teorías sobre el dolor en las que él mismo había creído antes”, Cic. *Tusc.* 2,60)
- (14) *haec hacienda, si gregatim pecora laborant* (“estas son medidas que deben adaptarse si toda la boyada está enferma”, Colum. 6,5,5)
- (15) *taleas oleagineas, quas in scrobe saturus eris tripedaneas decidito diligenterque tractato, ne liber laboret, cum dolabis aut secabis* (“corta esquejes de olivo de tres pies que vas a plantar en el hoyo y trátalos con cuidado para que no sufra la corteza cuando los desbastes o los cortes”, Cato *agr.* 45,1)
- (16) *ergo corpoream naturam animi esse necessest, / corporeis quoniam telis ictuque laborat* (“luego la naturaleza del espíritu es forzoso que sea corporal, ya que padece con dardos y heridas corporales”, Lucr. 3,176)

4.2. Télicos

Outro dos trazos a analizar é a telicidade. Primeiro, como intento de definir o aspecto pódese dicir que trata a estrutura temporal interna das predicacións. Os significados relacionados coa aspectualidade reflíctense na morfoloxía (aspecto gramatical) e está presente tamén na semántica da raíz verbal (aspecto léxico). Neste traballo, a análise do aspecto divídese en dous ámbitos, o gramatical e o léxico, e non como categoría única. Así, hai que ter en conta que “estas dos formas de expresión (gramatical y léxica) conviven en las diferentes FV²⁷ e interactúan de maneira compleja, pero es necesario no confundirlas a la hora de tratar el Aspecto” (Ramos Guerreira 2009: 408).

Do aspecto gramatical necesitamos saber que “permite que las dimensiones temporales de un evento puedan ser descritas por el hablante desde diferentes puntos de vista de acuerdo con sus intenciones comunicativas y la coherencia temporal que se quiera aportar al discurso” (Ramos Guerreira 2009: 414). Os dous aspectos que gramaticalizaron foron duración e limitación de eventos. Esta limitación refírese á conceptualización do evento como aberto –centrándose no seu desenvolvemento– ou pechado –entendendo o evento como un todo completo–, denominados aspecto imperfectivo e perfectivo respectivamente. Debido a que parece lóxica unha correlación entre aspecto perfectivo e telicidade, terase en conta este único parámetro do aspecto gramatical.

Dentro do aspecto léxico débense ter en consideración diferentes características: duración, dinamismo ou estabilidade e limitación temporal. A que se trata neste traballo é a limitación temporal: esta consiste na incorporación ou non na semántica do verbo dunha idea de límite temporal ben inicial ben final da acción.

Estes tres trazos empréganse para establecer catro tipos de verbos. Esta clasificación é pertinente debido a que determinados tipos de verbos teñen asociados determinados elementos. Por exemplo, como xa se mencionou, os verbos de actividade terán un suxeito axentivo e os de estado un experimentador ou paciente. Cabe sinalar tamén que no aspecto léxico poden influír elementos da predicación como adverbios ou satélites. A seguinte táboa, extraída de Baños (2009: 412), sistematiza os trazos relacionados cos diferentes tipos de verbos:

²⁷ “Forma verbal”.

Táboa 3

	Duración	Dinamismo	Telicidad
ESTADOS (States)	+	-	-
ACTIVIDADES (Activities)	+	+	-
LOGROS (Achievements)	-	+	+
REALIZACIONES (Accomplishments)	+	+	+

Hopper e Thompson (1980) participan da discusión terminolóxica e metodolóxica do aspecto –da que non nos ocuparemos neste traballo–: primeiro empregan indistintamente télico e perfectivo e logo pasan só a usar a oposición perfectivo/imperfectivo. Ademais, distinguen que “whereas telicity can be determined generally by a simple inspection of the predicate, perfectivity is a property that emerges only in discourse” (1980: 270). A idea que permanece neste traballo é a cuestión do maior grao de transitividade que presentará un predicado télico xunto coa maior afectación do obxecto en caso de que se trate dunha predicación con A2.

Unha vez apuntadas estas cuestións, pódese presentar de forma máis clara a análise dos exemplos. Debido á relación entre telicidade e afectación do obxecto, divídense estes exemplos en intransitivos e transitivos. Sendo o primeiro grupo moi variado e que parece non atender a unha sistematización. Se ben se observou que a relación entre aspecto gramatical e aspecto léxico non ten porqué darse, neste caso aparecen formas verbais que non posúen un aspecto gramatical marcado –exceptuando (4), un pluscuamperfecto de subxuntivo–, polo tanto non é un fenómeno observable.

Entre os intransitivos télicos abundan as formas de imperativo; este non ten un aspecto gramatical marcado posto que, ademais do ser seu valor modal o esencial, os seus tempos verbais son presente e futuro. Se ben entre os atélicos atópase un imperativo presente atélico, aquí xúntanse cinco télicos, tanto de *laboro* (17) como de *elaboro* (18), todos eles con axentividade por parte do suxeito e sen obxecto.

- (17) at istos rastros interea tamen / adpone, ne labora (“pero, entretanto, deixa esa azada y no sigas esforzándote”, Ter. *Haut.* 89)
- (18) nunc, mi Capito ..., enitere, elabora uel potius eblandire, effice, ut Plancus, quem spero optimum esse, sit etiam melior opera tua (“ahora, mi querido Capitón ..., pon tu esfuerzo, tu traballo, o máis bien, tu encanto, tu eficacia, en que Planco, el cual espero que esté en la mejor disposición, lo esté todavía máis por obra tuya”, Cic. *Att.* 16,16,12)

En (18) apréciase a influencia que teñen sobre o aspecto outros elementos da oración como son adverbios ou complementos circunstancias pois *nunc* sinala que “ahora” é o momento no que ten que “empezar a esforzarse”. Na mesma liña, nos exemplos de futuro, os adverbios como *inde* (19) sinalan o aspecto léxico télico, pois como sinala Ramos Guerreira, o futuro, ao ser un tempo non factivo, non ten marcado o seu aspecto gramatical e este infírense tanto do aspecto léxico como dos elementos do contexto (2009: 425).

- (19) *inde semodios singulis bubus in dies dari oportet, et si non laborabunt, pascantur satius erit* (“después es menester dar a cada buey medio modio al día y, si no labran, será suficiente que pazcan”, Cato *agr.* 54,1)

O pluscuamperfecto, pola súa parte, é un tempo que expresa anterioridade a un tempo xa pasado e conceptualiza o evento como pechado, é dicir, o seu aspecto gramatical é perfectivo. En (20) a oración de *cum* con subxuntivo sinala o momento no que comeza a “padecer sin fiebre”, anterior a *emerseram*. Así, indica un límite temporal inicial, é dicir, o seu aspecto léxico é télico.

- (20) *me et incommoda ualetudo, e qua iam emerseram, utpote cum sine febris laborassem, et Pomptini exspectatio ... tenebat duodecimum iam diem Brundisi* (“mi enfermedad, de la que ya me he recobrado, desde el momento en que no tengo fiebre, y la espera de Pomptino ... me tienen ya doce días detenido en Brundisio”, Cic. *Att.* 5,8,1)

De forma global, en canto aos parámetros transitivos, este grupo está conformado por exemplos sen obxecto e con suxeitos polo xeral axentes e un paciente. A axentividade do suxeito non responde á telicidade senón á semántica verbal, posto que os exemplos que teñen un sentido “esforzarse” posúen un suxeito con /+ctrl/ e /+inten/; mentres, a significación “sufrir, padecer” en (20), un suxeito paciente.

Os exemplos transitivos presentan unha estrutura bivalente, cun suxeito axente –controla a acción e ten intención– e un obxecto directo, ademais dunha correspondencia entre o aspecto gramatical perfectivo e o léxico télico. Hopper e Thompson (1980) explican que a relación entre aspecto e obxecto consiste en que nunha oración télica –cun límite temporal final– a acción é transferida a un paciente de forma máis efectiva, polo que resultaría completamente afectado²⁸.

²⁸ Os exemplos dados polos autores no seu traballo son ilustrativos: *I ate it up* e *I am eating it*. Vemos que na primeira a transferencia lévase a cabo completamente mentres que no segundo é só parcial (Hopper & Thompson 1980: 252).

En canto ao obxecto, *quid* (21) está totalmente afectado; de feito, en español faise fincapé nesta afectación engadindo un *todo*. O suxeito non vai elaborar nada máis, xa fixo completamente “todo” o que era necesario “para preparar y disponer esta acusación”. A oración de *illa quae in ornamentum operis eius accedunt* (22) independentemente do valor do subxuntivo, está totalmente afectado pola acción verbal, ao ser un evento pechado enténdense todas as cousas como xa elaboradas; se se opón a oración “si otro escultor elaboraba todas las cosas que se añadirían a su obra” focalízase a acción no seu transcurso e, polo tanto, o obxecto non estaría completamente afectado.

(21) *quid ego in hac accusatione comparanda constituendaque elaborassem* (“todo lo que he trabajado para preparar y disponer esta acusación”, Cic. *Verr.* II 1,2)

(22) *nisi forte Iouem quidem Phidias optime fecit, illa autem quae in ornamentum operis eius accedunt, alius melius elaborasset* (“a no ser que Fidiás haya hecho muy bien precisamente la estatua de Júpiter y otro escultor hubiese podido elaborar mejor todo lo que se añade a la ornamentación de su obra”, Quint. *inst.* 2,3,6)

No referente á transitividade, da análise das oracións télicas extráese que se ben a telicidade é un dos compoñentes altamente transitivos, en contraposición á atelicidade, cando un obxecto está presente na cláusula, este vai puntuar máis alto en transitividade, estando completamente afectado.

Así, unha oración monovalente télica revelarase cun grao maior de transitividade que unha monovalente atélica mais loxicamente non será considerada como máis transitiva que unha télica bivalente con A2 obxecto, posto que este estará totalmente afectado pola acción verbal.

4.3. Voz pasiva

Entre as pasivas é necesario distinguir entre dous grandes grupos, por un lado, as construcións impersoais, avalentes, cuxo paso a activa suporía unha construción monovalente e, por outro, as pasivas monovalentes que en activa pasan a ser bivalentes. Á súa vez o primeiro grupo, o máis numeroso, divídese segundo a expresión do axente e a telicidade do verbo. Dado que incluso con oracións con axente explícito aparece un complemento causa, este será mencionado mais non determinante á hora de establecer unha división.

Esta clasificación atende á perspectiva de análise sintáctico da pasiva como un proceso de redución de valencias. Tense entendido a pasiva como unha simple transformación dunha estrutura

activa transitiva, mais o autor José Miguel Baños aduce tres razóns polas que en latín non é totalmente pertinente esta redución:

(i) porque no toda oración pasiva remite a una estrutura activa, (ii) porque no toda oración activa transitiva se puede transformar en pasiva, y, sobre todo, (iii) porque la estructura sintáctica de una oración pasiva es distinta a su supuesto correlato activo (2009: 387).

Outra perspectiva de análise é a pragmática, que caracteriza a pasiva de dúas formas: “(i) como un proceso de topicalización de Paciente y, en parte, de focalización del Agente cuando éste se expresa de forma explícita; y (ii) como un procedimiento de cohesión textual” (Baños 2009: 392). Neste caso debe facerse fincapé na segunda perspectiva, a pesar de que neste traballo non se somete a análise o contexto das oracións, este é un factor a ter en conta á hora de explicar porqué oracións pasivas sen obxecto, analizadas como construcións intransitivas, serán recoñecidas no *ThLL* como construcións transitivas: a súa correspondente activa revelarase como transitiva, mais a preferencia polo autor dunha pasiva pode deberse fundamentalmente a este proceso de cohesión textual.

4.3.1. Construcións avalentes

Tras explicar o tratamento da pasiva, con respecto á análise, este grupo engloba as construcións impersoais sen complementos argumentais, é dicir, son avalentes. En primeiro lugar, aparecen tres exemplos sen complemento axente expreso e que presentan un aspecto léxico télico. Todos eles con complemento de causa en ablativo como (23).

(23) Romae simul dilectu simul tributo conferendo laboratum est (“y, en Roma, hubo dificultades con el llamamiento a filas junto con la recaudación del impuesto”, Liv. 5,10,3)

Porén, o grupo máis amplo de exemplos correspóndese a pasivas impersoais avalentes, que pasan a monovalentes na activa, sen axente expreso e con aspecto léxico atélico. Entre estes, dezaseis en total, atópanse tanto verbos de actividade como verbos de estado con complementos non argumentais moi diversos, sendo os máis abundantes os de causa. Así, existen diferentes posibilidades combinatorias, verbo de estado cun complemento de causa en ablativo (24), un verbo de actividade cun complemento *in*+acusativo (25) ou *in*+ablativo (26), incluso un verbo de actividade en forma de perifrástica pasiva con dous complementos non argumentais, un instrumento en ablativo e unha oración final de *ut* (27).

- (24) *siccitate eo anno plurimum laboratum est* (“aquel año hubo dificultades muy graves a causa de la sequía”, Liv. 4,30,7)
- (25) *simplici cura constant necessaria: in delicias laboratur* (“con un simple cuidado se satisface la necesidad; para el deleite se impone el esfuerzo”, Sen. *epist.* 90,16)
- (26) *in quo maxime laborandum est, ne forte ea uobis, quae diligentissime prouidenda sunt, contemnenda esse uideantur* (“este punto exige especial atención por si, tal vez, os imagináis que os podéis desentender de algo que debéis prevenir con la mayor diligencia”, Cic. *Manil.* 20)
- (27) *omnibusque opibus atque uiribus, ut nosmet ipsi nobis mederi possimus, elaborandum est* (“debemos esforzarnos con todos nuestros recursos y fuerzas para ser capaces de curarnos a nosotros mismos”, Cic. *Tusc.* 3,6)

No grupo con complemento axente aparece un só exemplo télico (28) e, por conseguinte, os restantes son atélicos que se caracterizan como verbos de actividade –agás (29) que é de estado–.

- (28) *omnia in me ut esse possent, magno studio mihi a pueritia est elaboratum* (“me he esforzado desde mi infancia con gran afán para que pudieran estar”, Cic. *div. in Caec.* 40)
- (29) *de quibus etsi a Chrysippo maxime est elaboratum* (“es cierto que Crisipo se ha preocupado mucho por estos estudios”, Cic. *fin.* 4,9)

En ambos grupos existen tanto formas persoais pasivas como construcións de perifrástica pasiva. Porén, cabe sinalar que entre os exemplos sen axente un 26'3% das oracións usan a perifrástica e un 73'7% están en forma persoal. Este balance parece invertirse lixeiramente no grupo con axente, sendo un 55'6% perifrásticas e un 44'4% formas persoais. Nun principio, tomando como base os estudos de Pinkster, non parece que haxa unha razón posto que por un lado “the agent of the state of affairs in impersonal passive clauses is almost always human and is very rarely expressed” (2015: 269); e por outro, na perifrástica pasiva en construción tanto persoal como impersoal “the agents are human beings, whether they are expressed or not (...). Just as with 'normal' passive clauses explicit agents are relatively rare” (2015: 296). Os datos do corpus recóllense na seguinte táboa:

Táboa 4

	Perifrástica	Forma persoal	Total
Sen axente	5 (26'3%)	14 (73'7%)	19
Con axente	5 (55'6%)	4 (44'4%)	9

4.3.2. Construcións monovalentes

As construcións pasivas monovalentes terían unha correspondencia bivalente en activa, e de aí que se encontren entre os exemplos dos usos transitivos. É dicir, teñen un suxeito paciente, argumento un (A1), que na súa equivalente activa pasaría a obxecto directo, argumento dous (A2).

É preciso sinalar primeiro a existencia dun só exemplo de perifrástica pasiva con axente expreso, sendo o resto formas persoais sen este complemento. Se ben nos grupos pasivos anteriores parecía haber unha correlación entre perifrástica e atelicidade, aquí *elaborandum sit* (30) ten un aspecto léxico télico que vai da man do aspecto gramatical perfectivo, ademais, pode apoiarse esta análise na seguinte paráfrase: “podría saber qué debo *empezar a hacer*”. Polo tanto, concluímos que os datos non presentan unha tendencia clara sobre a influencia do carácter modal desta construción no aspecto léxico do verbo.

- (30) hoc si quanti tu aestimes sciam, tum, quid mihi elaborandum sit scire possum (“si yo supiera en qué medida te importa esto, podría saber cómo debo actuar”, Cic. *Att.* 1,8,1)

En canto aos complementos, abunda o dativo con diferentes funcións. Así, hai exemplos como (30), cun dativo axente propio da perifrástica; porén, aparecen dous exemplos con complementos en dativo que, ao ir xunto a unha forma persoal, sospeitamos que non sexan axente, pois normalmente sería codificado mediante *ab+abl* ou ablativo. Por un lado, en (31) podemos concluír, como se verte na tradución española, que é un dativo receptor e, por outro, en (32) trátase dun uso concreto deste verbo coa acepción transitiva *labore tractare* que, como se explica no *ThLL*, leva a miúdo ablativo, dativo²⁹ ou *in* ou *ad*.

- (31) mihi ista adquisita, mihi laborata sunt (“tales verdades las han conseguido para mí, las han elaborado para mí”, Sen. *epist.* 64,7)

²⁹ Vid. *infra* pax. 27.

- (32) *quidquid extra concupiscitur, uitiis, non usibus laboratur* (“lo que se desea de más es trabajo para los vicios, no para las necesidades”, Sen. *dial.* 11(12),10,2)

Outros factores a ter en conta para a caracterización destes exemplos como usos transitivos son telicidade e afectación do obxecto. Primeiro, obsérvase que as formas con aspecto gramatical perfectivo presentan un aspecto léxico télico mentres que as formas de presente, sen un aspecto gramatical marcado, son atélicas. Despois, convertidos os suxeitos pacientes en supostos obxectos directos pode sinlarse a existencia dunha correlación entre telicidade e afectación total do obxecto, xa que todos os predicados télicos presentarían na construción activa un obxecto directo totalmente afectado. Este feito é esperable segundo a teoría de Hopper e Thompson (1980): se unha das características puntúa alto en transitividade, as outras características presentes revelaríanse tamén como altamente transitivas.

A modo de conclusión pódese dicir, por un lado, que as construcións pasivas avalentes atenden en xeral aos criterios de clasificación intransitivos: atélicos, non axentividade por parte do suxeito e carecen de obxecto. Os casos nos que temos construcións télicas é por cuestión do contexto temporal que rodea ao predicado, posto que neste grupo parece non existir unha correlación entre aspecto gramatical perfectivo e aspecto léxico télico.

Por outro lado, as construcións pasivas monovalentes que terían un correlato activo bivalente, analízanse como non axentivas –o suxeito é paciente– e sen obxecto; isto débese a que a análise é da oración pasiva, que non é transitiva *per se*. Polo tanto, a diferenza radica en que o grupo anterior son construcións impersoais e, pola contra, neste existe un suxeito paciente que ten a potencialidade de converterse no obxecto directo na súa correspondente activa. Ademais, aínda que non apareza expresado mediante un complemento o axente, pode inferirse mediante o contexto e, por conseguinte, aparecer un suxeito na activa, que, precisamente, será axente en todos os casos.

Por último, a pesar de que o volume das mostras non permite establecer unha comparación máis equitativa, cabe mencionar que os datos amosan unha maior telicidade no grupo monovalente fronte ao avalente. No entanto, se se contrastan os datos de *laboro* e o seu preverbado *elaboro*, estes indican que non existe unha diferenza, senón que predominan as construcións con o aspecto atélico entre as formas pasivas de ambos verbos. Porén, non é pertinente determinar a existencia dunha predominancia posto que os grupos son moi dispares numericamente. Ademais, é necesario enmarcar estas consideracións na perspectiva total do traballo para comprobar a importancia dos datos extraídos deste grupo pasivo.

4.4. Exemplos particulares

Este apartado recolle exemplos cuxa explicación é necesaria, ben pola súa sintaxe ben pola súa semántica. É dicir, a súa análise pode ser ambigua, polo que, a pesar de que se inclúan diferentes interpretacións, tratarase de seleccionar unha de acordo aos criterios do traballo e incluílos así nos grupos pertinentes para o cómputo xeral.

Se observamos a oración de (33), o aspecto léxico non é claro, pois descontextualizado podería entenderse tanto télico como atélico. Télico ao indicar un punto final, en relación co aspecto gramatical perfectivo da forma de perfecto, o falante sufriu e declara que non volverá a sufrir. Porén, é posible entender tamén un perfecto con continuidade no presente e, polo tanto, un aspecto atélico.

Por outra parte, a función semántica do suxeito depende da acepción que se escolla. Se analizamos “sufrir”, como aparece na tradución, a función do suxeito é paciente; pola contra, no *ThLL* emprégase para exemplificar a acepción “traballar”, sendo así axente. Neste último caso, o suxeito controla a acción mais a intención debe comprobarse no contexto textual.

- (33) plurimum in prima acie laboravi (“he corrido grandes peligros en primera línea”, Sen. *contr.* 1,8,4)

Esta oración pertence á *Controversia* 8 que versa sobre sentencias de pais que non queren que os seus fillos volvan á guerra e as réplicas dos soldados que queren volver á batalla a pesar das ameazas dos pais de seren desherdados. Polo tanto, no contexto, parece que si hai intención por parte do suxeito e que a acción está conceptualizada como aberta, o falante sufriu e aínda cabe a posibilidade de que volva á primeira liña.

Entre os complementos aparece un acusativo non argumental –un antigo acusativo fosilizado que pasou á categoría de adverbio–; proba disto é que a oración non queda incompleta se o eliminamos: *in prima acie laboravi* (pode inducir a erro na tradución “he corrido en primera línea” mais non “he sufrido en primera línea”).

Outro exemplo cun complemento acusativo é (34), posiblemente motivado pola busca dun paralelismo coa estrutura anterior *hoc timent*. O verbo é de estado –é dicir, durativo, estático e atélico– cuxo suxeito nin controla nin ten intención e é experimentador, polo que a súa complementación debería ser un satélite adxunto con función causa codificado mediante un ablativo

ou un sintagma preposicional.

- (34) hoc timent homines; hoc laborant; hoc institui, atque adeo institutum referri ac renouari, moleste ferunt (“esto temen esas personas, por esto penan, de mala manera soportan que se instaure, y que, instaurado, de nuevo se practique y ponga en vigor”, Cic. div. in *Caec.* 68)

Entre as acepcións de *laboro* atopamos “eclipse lunar” unha realización contextual deste verbo con *Lūna -ae* como suxeito. En ambos exemplos tradúcese por “eclipse” mais en latín ten un significado “debilitarse ou padecer”. Así, en (35), cunha tradución da sintaxe latina máis exacta, teríamos “cuando la luna se debilita” ou en (36) “la luna padece porque ...”. En ambos casos a lúa “se debilita” implica que a súa función semántica é experimentador, e non obstante, é /-hum/, polo que debería ser paciente. Como noutros casos, o suxeito *luna* está personificado, conceptualizado como unha entidade /+anim/ que “se debilita” cando a luz do sol non lle chega. Polo tanto, a análise destes dous exemplos resultaría: atético, non axentivo e sen obxecto.

- (35) num igitur eum curare censes, cum Luna laboret, a qua consopitus putatur, ut eum dormientem oscularetur? (“¿piensas que él se preocupa de los eclipses de la luna, de esa luna que, según el mito, lo adormeció para besarlo mientras dormía?”, Cic. *Tusc.* 1,92)
- (36) at illi / conscia purpureus uenit in ora pudor, / quale coloratum Tithoni coniuge caelum / subrubet ...; / aut ubi cantatis Luna laborat equis (“a ella un vergonzoso rubor le subió al rostro culpable; un rubor como aquél con que colorea el cielo la esposa de Titono, ... o como la Luna, cuando se eclipsa porque han encantado con ensalmos a sus caballos”, Ov. *am.* 2,5,38)

Outro exemplo de entidade /-hum/ aparece en (37); esta non participa do mesmo mecanismo de personificación que outros exemplos polo que a súa análise non encaixa en ningún dos grupos establecidos neste traballo. Son dous os suxeitos, primeiro *cura* –nesta oración hai que entender que *laboravit* está elidido– e logo *facilitas*, en dúas oracións xustapostas. A análise é a mesma para ambos, trátase dun suxeito abstracto, é dicir, /-hum/ e /-anim/, que non pode exercer nin /ctrl/ nin /inten/. Esperariamos unha función paciente, mais tal como se fai ver na tradución, estamos ante un suxeito causativo, é dicir, é a causa pola que se sofren dificultades.

- (37) nunc, quia uarium fere propositum agentium fuit et quorundam cura tarditatis,

quorundam facilitas temeritatis crimine laboravit, quem credam fore in hoc oratoris modum tradere non alienum uideatur (“ahora bien –ya que por lo general ha sido vario el fin apetecido de los oradores ante los tribunales, y a unos causa dificultades el esmero por evitar la pesadez, y a otros la facilidad de palabra por el riesgo de temeridad–, no me parece ...”, Quint. *inst.* 12,9,14)

Unha vez explicado, a análise que atangue ao noso traballo cataloga este exemplo como unha estrutura monovalente cuxo núcleo é un verbo de actividade con aspecto léxico atético –a pesar do aspecto gramatical perfectivo non indica un límite temporal– e un A1 suxeito con posible función semántica causa, é dicir, non hai axentividade.

Xa se explicou no apartado da pasiva porque as construcións monovalentes que tiñan un correlato activo bivalente son consideradas transitivas³⁰. Non obstante, a oración de (38) é unha pasiva impersonal cun dativo argumental, é dicir, a particularidade deste exemplo é que o obxecto está presente na pasiva³¹. Este uso do dativo para a codificación dun argumento nunha construción transitiva de *laboro* está indicado no *ThLL*, xunto coa existencia dunha construción en ablativo.

(38) quidquid extra concupiscitur, uitiis, non usibus laboratur (“lo que se desea de más es trabajo para los vicios, no para las necesidades”, Sen. *dial.* 11(12),10,2)

O uso deste caso en lugar do acusativo para a codificación do segundo argumento dáse fundamentalmente en verbos bivalentes. As causas deste fenómeno teñen sido tratadas nos estudos lingüísticos, aducindo fundamentalmente que atende a razóns semánticas, aínda que hai algúns casos que se reducen a cuestións gramaticais. Baños resume as características dos verbos aos que acompaña da seguinte forma:

“los verbos que “rigen” Dativo presentan características morfosintácticas (la mayoría son verbos de estado en *-eo*, deponentes o impersonales) y pertenecen a campos semánticos (expresión de sentimientos y estados, fundamentalmente) que implican, por lo general, situaciones de baja agentividad y, por tanto, no prototípicamente transitivas” (2009: 194).

Así, este verbo non está entre as ideas semánticas que presentan os verbos que rexen dativo e, ademais, o dativo adoita escollerse en construcións nas que o A2 é /+hum/ ou /+anim/, non sendo

³⁰ *Supra* pax. 21.

³¹ Neste traballo óptase por esta análise, mais é necesario sinalar outra posibilidade: *corpus* como suxeito de *laboratur*, polo tanto, sería unha pasiva con construción transitiva, non sería necesario recorrer á análise da activa para catalogala como tal. Porén, o problema xorde coa función semántica suxeito da bivalente pois non sería axentivo.

este o caso. Polo tanto, *laboro* non “rexe” este caso senón que presenta unhas construcións con dativo, as que non teñen por que atender a razóns semánticas, como por exemplo o uso de *utor* con ablativo.

A análise desta oración de *laboratur* establece que é un verbo de actividade –durativo, dinámico e atélico– construída como impersoal, ten un complemento argumental en dativo e, polo tanto, é monovalente. Porén, debe volver a retomarse o recurso da equivalente activa para atopar unha construción bivalente cun A1 suxeito axente e un A2 obxecto directo, parcialmente afectado.

Esta redución de valencias da pasiva fronte á activa non se dá en (39), a construción perifrástica ten un suxeito *id*, pronome catafórico que recolle a oración interrogativa indirecta *qualis*, polo tanto, é monovalente. Na súa correspondente activa o suxeito é paciente, formado polos elementos do sintagma en función axente da pasiva; porén, o pronome *id* non pasa a ser obxecto directo, pois como vemos na tradución correspóndese máis á causa do sufrimento que a un obxecto afectado polo verbo. Así, a análise deste predicado realizaríase exclusivamente sobre a oración pasiva sendo un verbo atélico, sen axentividade por parte do suxeito e sen obxecto.

- (39) tametsi minus id quidem nobis, minus populo Romano laborandum est, qualis istius in senatu sententia futura sit (“aunque, desde luego, no tenemos que pasar pena ni nosotros ni el pueblo romano por cuál ha de ser la opinión de ése en el Senado”, Cic. *Verr.* II 2,76)

5. Resultados

Unha vez divididos os exemplos segundo as súas características e explicada a análise dos mesmos, preséntanse a continuación unha relación de datos numéricos segundo os trazos analizados que posúan. Deste xeito preténdese ilustrar a transitividade como un fenómeno escalar.

Como consecuencia, segundo os trazos que presentan os exemplos agrúpanse aquí en intransitivos (ningún trazo presente), -intransitivos (un trazo presente, pode ser axentividade ou telicidade), ±transitivos (dous trazos presentes, axentividade e obxecto ou telicidade) e +transitivos (tres trazos presentes).

Primeiro, *laboro* mostra unha maioría de construcións intransitivas –o suxeito non é axentivo, son atélicas e non hai obxecto directo–, sendo estas un 56'82% do total. Destaca a difereza, dun 38%, co verbo *elaboro*, posto que este non acada o 20% pese a ser o segundo grupo máis numeroso deste verbo. A continuación preséntanse os datos do grupo intransitivo, no que se mostra o total de exemplos sobre os que se traballa:

Táboa 5

	<i>Laboro</i>	<i>Elaboro</i>
Intransitivas	56'82% (125)	18'64% (11)
Total	220	59

Entre as construcións que mostran un trazo, *laboro* presenta un 37'27%, o segundo grupo máis numeroso deste verbo. *Elaboro*, pola súa parte, mostra unha predominancia de estruturas cun suxeito axentivo (35'45%) que xunto a outra na que o predicado se mostra como télico (1'7%) poñen á cabeza os usos nos que se manifesta só unha característica. Os datos do grupo -intransitivo recóllense na seguinte táboa:

Táboa 6

	<i>Laboro</i>	<i>Elaboro</i>
Axentividade do suxeito	35'45% (78)	59'32% (35)
Telicidade	1'82% (4)	1'7% (1)
Total	37'27% (82)	61'02% (36)

Por outra banda, aparecen, en menor medida, construcións que presentan dous trazos considerados como máis transitivos na escala de Hopper e Thompson (1980). O trazo común é a axentividade do suxeito que se combina coa presenza dun obxecto directo ou coa telicidade do predicado. Estas supoñen o 5% dos exemplos de *laboro*, o que mostra a pouca frecuencia de uso de estruturas máis transitivas. *Elaboro* só o supera nun 10% mais a cifra é case igual ao primeiro grupo deste verbo, sen trazos presentes; é dicir, despois das estruturas con un trazo presente o segunda preferencia estaría á par entre construcións intransitivas e con dous trazos presentes. Esta táboa recolle os datos dos exemplos \pm transitivos, diferenciando as dúas posibilidades combinatorias:

Táboa 7

	<i>Laboro</i>	<i>Elaboro</i>
Axentividade + OD	2'73% (6)	13'56% (8)
Axentividade + telicidade	2'27% (5)	3'39% (2)
Total	5% (11)	16'95% (10)

Para rematar, se ben son as minoritarias, as construcións cos tres trazos analizados presentes mostran un indicio significativo, a maior transitividade do preverbado *elaboro* (3'39%) fronte ao simple *laboro* (0'91%). Recóllense a continuación estes datos:

Táboa 8

	<i>Laboro</i>	<i>Elaboro</i>
Axentividade + telicidade + OD	0'91% (2)	3'39% (2)
Total	220	59

A modo de conclusión, cabe sinalar que *laboro* mostra unha clara progresión descendente, é dicir, a maioría das súas construcións se concentran no lado da escala menos transitiva. Porén, se ben non podemos dicir o contrario de *elaboro*, na comparativa dos datos de ambos verbos este presenta porcentaxes máis altas no lado +transitivo da escala. Dito doutra forma, a pesar de que *elaboro* comparte unha significación similar dunha parte de *laboro*, presenta un maior uso de estruturas que tenden á transitividade, esperable por ser un preverbado deste.

6. Perspectiva diacrónica

A presentación dos resultados da análise anterior destacou a diferenza entre *laboro* e *elaboro* en canto á preferencia de usos \pm transitivos. Porén, como se anuncia no título do traballo, un dos obxectivos é presentar unha relación de datos a través de diferentes épocas para establecer se existe unha tendencia cara a transitividade. Como límites temporais para a división das obras das que se extraeron os exemplos escolléronse como inicial a República (ata o 27 a. C.), un período de transición ao Imperio, o mandato de Augusto, comprendido entre o 27 a. C. e o 14 d. C., e, por último, o período de diferentes mandatos que comeza co de Tiberio. Poderían establecerse outros cortes mais partirían tanto o datos que non permitirían observar se existe unha diferenza no tempo.

Os exemplos do período da República mostran unhas porcentaxes similares ás expostas no plano xeral. Destaca a subida do 10% das estruturas intransitivas de *laboro*, que se compensa cunha baixada das estruturas cunha única ou dúas compoñentes presentes e a non aparición de exemplos con tres.

Por outra parte, *elaboro* rompe esa case igualdade entre intransitivas e as que presentan dous trazos, para relegar estas a un terceiro posto cun 10'87%. Porén, a maioría seguen sendo as construcións que presentan un trazo cun 65'22%.

Táboa 9. Resultados período da República.

	Intransitivos	-Intransitivos	±Transitivos	+Transitivos
<i>Laboro</i>	64'15% (68)	33'02% (35)	2'83% (3)	0
<i>Elaboro</i>	21'74% (10)	65'22% (30)	10'87% (5)	2'17% (1)

Os datos do período augústeo son relevantes para a análise de *laboro*, posto que diminúe o número de exemplos intransitivos ata equipararse cos exemplos que presentan un trazo, este será fundamentalmente a axentividade por parte do suxeito. Tamén hai un aumento do 5% con respecto aos que presentan dous trazos, isto indica unha tendencia a estruturas máis transitivas a pesar de que aínda non se atopan oracións cos tres trazos presentes.

Táboa 10. Resultaos *laboro* período augústeo.

	Intransitivos	-Intransitivos	±Transitivos	+Transitivos
<i>Laboro</i>	47'5% (19)	45% (18)	7'5 % (3)	0

Por último, no período imperial volve a baixar o número de exemplos intransitivos, se ben en *laboro* a diferenza é dun 10% co período augústeo, as cifras de *elaboro* redúncense a pouco menos da metade.

O grupo que presenta un trazo segue sendo o segundo máis numeroso para *laboro*; o destacable é que xunto co anterior suman o 90% dos usos deste verbo na época imperial. Así, os restantes divídense entre un 6'76% e un 2'7%, que a pesar de non ser unha cifra extraordinaria, indica un aumento nas estruturas cos tres elementos presentes, posto que nas anteriores eran inexistentes.

Pola súa parte, *elaboro* reparte as súas porcentaxes máis altas entre construcións cun elemento (50%) e con dous (33'33%), o que significa que o segundo grupo maioritario, o intransitivo, pasa a ter un peso menor, equiparándose ás estruturas cos tres trazos presentes, ambos cun 8'33%.

Táboa 11. Resultados época imperial.

	Intransitivos	-Intransitivos	±Transitivos	+Transitivos
<i>Laboro</i>	51'35% (38)	39'19% (29)	6'76% (5)	2'7% (2)
<i>Elaboro</i>	8'33% (1)	50% (29)	33'33% (4)	8'33% (1)

En resumen, pódese ver que se desdubuxa a gradualidade descendente que se observou nos datos xerais na escala transitiva para *laboro* a través das épocas, pese a que non hai unha predominancia das transitivas, si pode apreciarse un leve aumento. Pola contra, en *elaboro* aparece unha maior preferencia polas construcións +transitivas fronte ás que non presentan ningún trazo.

7. Conclusións

Unha vez expostos os resultados da análise, pónense de relevo varias premisas anunciadas no estado da cuestión. Primeiro, a importancia da transitividade como unha cualidade gradual, non como o traspaso de acción dun axente a un paciente, posto que sen esta teoría non se podería aludir á seguinte consideración: o feito de poder comprobar mediante a análise de dous verbos que o latín tende a estruturas máis transitivas, así como a influencia do preverbio en *elaboro*, que provoca a aparición deste verbo con construcións máis transitivas que a súa forma simple. De feito, o composto recolle significados do simple que se clasifican como actividades, é dicir, desaparece a conceptualización de *laboro* que inclúe os estados como “sufrir” ou “estar enfermo”.

Por outro lado, a sistematización duns significados xerais proporcionou as bases para comprobar na análise a relación entre os significados e determinadas estruturas. Ambos verbos divídense entre actividades ou estados e, segundo o tipo, esperamos unha oración atélica, cun suxeito axente no primeiro caso e paciente no segundo.

Efectivamente esta correlación é visible ao longo do traballo mais é necesario destacar a importancia da inclusión da teoría dos prototipos, posto que non todos os suxeitos teñen os trazos formais esperables. No caso dos suxeitos con función semántica axente a entidade debe ser humana para poder exercer control; porén, a lingua, mediante diferentes mecanismos, permite que aparezan animais como entidades que realizan un traballo en beneficio de alguén, ou incluso que entidades abstractas aparezan en calidade de humanas; é dicir, as entidades que non entran dentro da definición axente, a lingua pode convertelas en plenos efectuarios da acción.

Ademais, precisamente por tratarse de verbos de actividade e estado, a telicidade depende plenamente do contexto oracional, pois como se pode observar, nin o aspecto gramatical perfectivo exerce influencia sobre a manifestación da telicidade. Non obstante, a importancia da aparición deste trazo radica na comprobación da premisa de Hopper e Thompson (1980): se nunha cláusula aparece un elemento que se analiza como “altamente” transitivo, os restantes trazos que se manifesten na oración corresponderán tamén á consideración de “altamente” transitivos. Así, nunha oración télica con obxecto, este está totalmente afectado, mentres que se é atélica, aparece como parcialmente afectado.

En consonancia coas características do obxecto, entre as funcións semánticas que pode desempeñar un A2 –paciente, distancia, referencia, duración ou dirección– comprobamos que tanto *laboro* e *elaboro* recollen a prototípica, paciente. Porén, aínda que predomina a forma casual de acusativo, nos exemplos particulares discútense un obxecto de *laboro* en dativo; non é novo, pois no

ThLL recóllese a posibilidade de estruturas bivalentes deste verbo cun complemento A2 tanto en dativo como en ablativo e incluso baixo a forma de sintagmas preposicionais con *in* ou *ad*.

De forma xeral, cúmprese a intención do traballo de manexar diferentes compoñentes da transitividade para poñer de relevo a súa propiedade gradual, para facer fincapé no valor intrínseco de cada un deles.

Bibliografía³²

- Álvarez Huerta, Olga (2009). “Acusativo”, en J. M. Baños (coord.), *Sintaxis del latín clásico* (pp. 131 - 154). Madrid: Liceus.
- Baños Baños, José M. (2009). “Dativo” e “Persona, número y voz”, en J. M. Baños (coord.), *Sintaxis del latín clásico* (pp.185 - 210, 375 - 404). Madrid: Liceus.
- Dik, Simon C. (1997). *The Theory of functional grammar*. K. Hengeveld (ed.). Berlin: Mouton de Gruyter.
- Harto Trujillo, M^a Luisa (1994). *Los verbos neutros latinos y la transitividad de la antigüedad al renacimiento: análisis histórico-gramatical y lingüístico*. Cáceres: Universidad de Extremadura, Servicios de Publicaciones.
- Hopper, Paul & Thompson, Sandra A. (1980). “Transitivity in Grammar and Discourse”. *Language*, 56 (2) pp. 251-299.
- Levin, Beth & Rappaport Hovav, Malka (1999). *Unaccusativity : at the syntax-lexical semantics interface*. Cambridge, Mass.: The MIT Press.
- Levin, Beth & Rappaport Hovav, Malka (2005). *Argument Realization*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Martínez Vázquez, Rafael, Ruiz Yamuza, Emilia e Fernández Garrido, M^a Regla (1999). *Gramática funcional-cognitiva del griego antiguo I: sintaxis y semántica de la predicación*. Sevilla: Universidad de Sevilla, Secretariado de Publicaciones.
- Ochoa Sierra, Ligia (2009). *Verbos latinos "intransitivos" de régimen dativo: un estudio desde la gramática funcional*. Bogotá: Universidad Nacional de Colombia, Facultad de Ciencias Humanas.
- Pinkster, Harm (1995). *Sintaxis y semántica del latín clásico* (pp. 14-16, 53-58) na tradución española de M^a E. Torrego e J. de la Villa. Madrid: Ediciones Clásicas.
- Pinkster, Harm (2015). *Oxford Latin Syntax*. Oxford: Oxford University Press.
- Ramos Guerreira, Agustín (2009). “Tiempo y aspecto”, en J. M. Baños (coord.), *Sintaxis del Latín Clásico* (pp. 405-442). Madrid: Liceus.
- Thompson, Sandra A. & Paul Hopper (2001). “Transitivity, clause structure, and argument structure: evidence from conversation”, en J. Bybee & P. Hopper (ed.), *Frequency and the emergence of linguistic structure* (pp. 27-69). Amsterdam: John Benajmins.

³² Ao tratarse o obxectivo deste traballo dunha análise delimitada e pormenorizada dun corpus significativo de exemplos, a bibliografía teórica é escasa posto que se empregou a imprescindible para outorgar un marco teóricos suficiente.

- Torrego, M^a. E. e Villa, J. de la (2009). “Contenido de la sintaxis latina. Evolución y métodos de análisis”, en J. M. Baños (coord.), *Sintaxis del latín clásico* (pp. 25-54). Madrid: Liceus.
- Vázquez Rozas, Victoria e J. M. García Miguel (2006). “Transitividad, subjetividad y frecuencia de uso”, en *Actes del VII Congr s de Lingüística General* (Barcelona, 18-21 de abril de 2006), Publ. CD-ROM (ISBN 84-475-2086-8).
- Vázquez Rozas, Victoria (2007). “A usage-based approach to prototypical transitivity”, en *Trends in linguistics studies and monographs vol. 198* (pp. 27-38).

Bibliografía: exclusivamente textos latinos

- Catón, Marco Porcio. *Cato and Varro. On agriculture* (ed. G. P. Goold, 1993). Cambridge: Harvard University Press.
- Catulo, Cayo Valerio. *Catullus, Tibullus and Pervigilium Veneris* (ed. G. P. Goold, 1976). Cambridge: Harvard University Press.
- César, Cayo Julio. *The Civil wars* (ed. T. E. Page *et alii*, 1966). Cambridge: Harvard University Press.
- César, Cayo Julio. *The Gallic war* (ed. E. H. Warmington, 1970). Cambridge: Harvard University Press.
- Cicerón, Marco Tulio. *De natura deorum; Academica* (ed. E. H. Warmington, 1966). Cambridge: Harvard University Press.
- Cicerón, Marco Tulio. *The verrine orations I* (ed. T. E. Page *et alii*, 1966). Cambridge: Harvard University Press.
- Cicerón, Marco Tulio. *Tusculan Disputations* (ed. T. E. Page *et alii*, 1966). Cambridge: Harvard University Press.
- Cicerón, Marco Tulio. *Letters to Atticus III* (ed. T. E. Page *et alii*, 1967). Cambridge: Harvard University Press.
- Cicerón, Marco Tulio. *Philippics* (ed. E. H. Warmington, 1969). Cambridge: Harvard University Press.
- Cicerón, Marco Tulio. *The Speeches* (ed. T. E. Page *et alii*, 1964-1965). Cambridge: Harvard University Press. Vol. II e IV.
- Cicerón, Marco Tulio. *Cicero letters to his friends* (ed. T. E. Page *et alii*, 1965). Cambridge: Harvard University Press. Vol. I e II.
- Cicerón, Marco Tulio. *Cicero letters to his friends III* (ed. E. H. Warmington, 1972). Cambridge:

- Harvard University Press.
- Cicerón, Marco Tulio. *De Oratore* (ed. T. E. Page *et alii*, 1968-1976). Cambridge: Harvard University Press. Vol. I e II.
- Cicerón, Marco Tulio. *Letters to Atticus I* (ed. E. H. Warmington, 1970). Cambridge: Harvard University Press.
- Cicerón, Marco Tulio. *De finibus* (ed. E. H. Warmington, 1971). Cambridge: Harvard University Press.
- Cicerón, Marco Tulio. *The verrine orations II* (ed. G. P. Goold, 1976). Cambridge: Harvard University Press.
- Cicerón, Marco Tulio. *In Catilinam; Pro Murena; Pro Sulla; Pro Flacco* (ed. G. P. Goold, 1977). Cambridge: Harvard University Press.
- Columela, Lucio Junio Moderato. *On Agriculture I* (ed. T. E. Page *et alii*, 1960). Cambridge: Harvard University Press.
- Columela, Lucio Junio Moderato. *On Agriculture II* (ed. T. E. Page *et alii*,). Cambridge: Harvard University Press.
- Columela, Lucio Junio Moderato. *On Agriculture III* (ed. G. P. Goold, 1993). Cambridge: Harvard University Press.
- Estacio, Publio Papinio. *Silvae* (ed. D. R. Shackleton Bailey, 2015). Cambridge: Harvard University Press.
- Horacio Flaco, Quinto. *The Odes and Epodes* (ed. G. P. Goold, 1978). Cambridge: Harvard University Press.
- Lucrecio Caro, Tito. *De rerum natura* (ed. G. P. Goold, 1975). Cambridge: Harvard University Press.
- Lucano, Marco Anneo. *The Civil war books (Pharsalia)* (ed. T. E. Page *et alii*, 1962). Cambridge: Harvard University Press.
- Marcial, Marco Valerio. *Epigrams* (ed. G. P. Goold, 1993). Cambridge: Harvard University Press. Vol. I, II e III.
- Ovidio, Publio Nasón. *Ovid in six volumes. Tristia; Ex Ponto* (ed. G. P. Goold, 1975). Cambridge: Harvard University Press.
- Ovidio, Publio Nasón. *Ovid in six volumes. Fasti* (ed. G. P. Goold, 1977). Cambridge: Harvard University Press.
- Plauto, Tito Maccio. *Plautus in five volumes II* (ed. T. E. Page *et alii*, 1965). Cambridge: Harvard University Press.

- Plauto, Tito Maccio. *Plautus in five volumes III* (ed. E. H. Warmington, 1970). Cambridge: Harvard University Press.
- Plauto, Tito Maccio. *Plautus in five volumes V* (ed. E. H. Warmington, 1968). Cambridge: Harvard University Press.
- Plinio Segundo, Cayo (1967). *Pliny Natural history III (Libri VIII-XI)*(ed. T. E. Page *et alii*). Cambridge: Harvard University Press.
- Séneca, Lucio Anneo. *Epistulae morales I* (ed. T. E. Page *et alii*, 1967). Cambridge: Harvard University Press.
- Séneca, Lucio Anneo. *Epistulae morales II* (ed. T. E. Page *et alii*, 1962). Cambridge: Harvard University Press.
- Séneca, Lucio Anneo. *Moral essays II* (ed. E. H. Warmington, 1970). Cambridge: Harvard University Press.
- Séneca, Lucio Anneo. *Epistulae morales III* (ed. E. H. Warmington, 1971). Cambridge: Harvard University Press.
- Séneca, Lucio Anneo. *Moral essays III* (ed. T. E. Page *et alii*, 2003). Cambridge: Harvard University Press.
- Séneca, Lucio Anneo. *Quaestiones naturales II* (ed. E. H. Warmington, 1972). Cambridge: Harvard University Press.
- Séneca, Marco Anneo. *The Elder Seneca: declamations in two volumes II* (ed. E. H. Warmington, 1974). Cambridge: Harvard University Press.
- Tito Livio. *Livy in fourteen volumes I* (ed. E. H. Warmington, 1967). Cambridge: Harvard University Press.
- Tito Livio. *Livy in fourteen volumes II* (ed. T. E. Page *et alii*, 1967). Cambridge: Harvard University Press.
- Tito Livio. *Livy in fourteen volumes III* (ed. T. E. Page *et alii*, 1960). Cambridge: Harvard University Press.
- Tito Livio. *Livy in fourteen volumes IV* (ed. G. P. Goold, 1975). Cambridge: Harvard University Press.
- Tito Livio. *Livy in fourteen volumes VI* (ed. T. E. Page *et alii*, 1966). Cambridge: Harvard University Press.
- Tito Livio. *Livy in fourteen volumes VIII* (ed. T. E. Page *et alii*, 1962). Cambridge: Harvard University Press.
- Tito Livio. *Livy in fourteen volumes IX* (ed. T. E. Page *et alii*, 1961). Cambridge: Harvard University Press.

University Press.

Valerio Flaco, Cayo. *Argonautica* (ed. T. E. Page *et alii*, 1963). Cambridge: Harvard University Press.

Bibliografía: traduccions³³

Catón, Marco Porcio, Maior. *Tratado de agricultura; Fragmentos* (trad. Alfonso García-Toraño Martínez, 2012). Madrid: Gredos.

Catulo, Cayo Valerio. *Poemas* (trad. Arturo Soler Ruiz, 1993). Madrid: Gredos.

César, Cayo Julio. *Guerra Civil* (trad. Julio Calonge e Pere J. Quetglas i Nicolau, 2005). Madrid: Gredos.

César, Cayo Julio. *Guerra de las Galias. Libro VII* (trad. Valentín García Yebra e Hipólito Escolar Sobrino, 1986). Madrid: Gredos.

Cicerón, Marco Tulio. *De senectute; De amicitia; De divinatione* (ed. T. E. Page *et alii*; trad. William Armistead Falconer, 1964). Cambridge: Harvard University Press.

Cicerón, Marco Tulio. *Pro Lege Manilia; Pro Caecina; Pro Cluentio; Pro Rabirio* (ed. T. E. Page *et alii*; trad. H. Grose Hodge, 1966). Cambridge: Harvard University Press.

Cicerón, Marco Tulio. *Pro Publio Quinctio; Pro Sexto Roscio Amerino; Pro Quinto Roscio Comoedo; De Lege Agraria I, II, III* (ed. E. H. Warmington; trad. John Henry Freese, 1967). Cambridge: Harvard University Press.

Cicerón, Marco Tulio. *De officiis* (ed. H. Warmington; trad. Walter Miller, 1968). Cambridge: Harvard University Press.

Cicerón, Marco Tulio. *De inventione; De optimo genere oratorum; Topica* (ed. G. P. Goold; trad. H. M. Hubbell, 1976). Cambridge: Harvard University Press.

Cicerón, Marco Tulio. *Del supremo bien y del supremo mal* (trad. Víctor-José Herrero Llorente, 1987). Madrid: Gredos.

Cicerón, Marco Tulio. *Brutus; Orator* (ed. E. H. Warmington; trad. G. L. Hendrickson e H. M. Hubbell, 1971). Cambridge: Harvard University Press.

Cicerón, Marco Tulio. *Discursos I* (trad. José María Requejo Prieto, 1990). Madrid: Gredos.

Cicerón, Marco Tulio. *Discursos II* (trad. José María Requejo Prieto, 1990). Madrid: Gredos.

Cicerón, Marco Tulio. *Discursos III* (trad. Jesús Aspa Cereza, 1991). Madrid: Gredos.

Cicerón, Marco Tulio. *Discursos IV* (trad. José Miguel Baños Baños, 1994). Madrid: Gredos.

Cicerón, Marco Tulio. *Discursos V* (trad. Jesús Aspa Cereza, 1995). Madrid: Gredos.

³³ Inclúense obras das que se extrouxeron tanto o texto latino como a tradución para así evitar repeticións no apartado anterior.

- Cicerón, Marco Tulio. *Cartas I* (trad. Miguel Rodríguez-Pantoja Márquez, 1996). Madrid: Gredos.
- Cicerón, Marco Tulio. *Cartas II* (trad. Miguel Rodríguez-Pantoja Márquez, 1996). Madrid: Gredos.
- Cicerón, Marco Tulio. *La invención retórica* (trad. Salvador Núñez, 1997). Madrid: Gredos.
- Cicerón, Marco Tulio. *Sobre la naturaleza de los dioses* (trad. Ángel Escobar, 1999). Madrid: Gredos.
- Cicerón, Marco Tulio. *Sobre el orador* (trad. José Javier Iso, 2002). Madrid: Gredos.
- Cicerón, Marco Tulio. *Letters to Quintus and Brutus; To Octavian; Invectives; Handbook of Electioneering* (ed. Jeffrey Henderson et alii; trad. D. R. Shackleton Bailey, 2002). Cambridge: Harvard University Press.
- Cicerón, Marco Tulio. *Disputaciones Tusculanas* (trad. Alberto Medina González, 2005). Madrid: Gredos.
- Cicerón, Marco Tulio. *Discursos VI (Filípicas)* (trad. María José Muñoz Jiménez, 2006). Madrid: Gredos.
- Cicerón, Marco Tulio. *Cartas III* (trad. José A. Beltrán, 2008). Madrid: Gredos.
- Cicerón, Marco Tulio. *Cartas IV* (trad. Ana-Isabel Magallón García, 2008). Madrid: Gredos.
- Cicerón, Marco Tulio. *Discursos VII* (trad. José María Requejo Prieto, 2011). Madrid: Gredos.
